



COSTA DE CEE

De Cee á praia de Gures

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2019



Distancia: 13,5 km (lineal)
Dificultade: media



Porto de Cee



Cee e a praia da Xunqueira desde o porto

O litoral de Cee ten tres partes diferenciadas e separadas, dúas protexidas na ría de Corcubiión e no seo de Fisterra, e outra exposta na costa da Morte. A de maior lonxitude e o da ría de Corcubiión da que ocupa o fondo e toda a banda esquerda que se prolonga cara a enseada do Ézaro. Correspóndese cunha pequena zona de fondo de ría e un longo tramo rochoso, recortado, abrupto e de difícil acceso, sen posibilidade de facer un percorrido continuo.



Enseada de Cee

PERCORRIDO

Comezamos na contorna urbana que permite percorrer a praia de Cee ou da Xunqueira e continuar ata o porto, alí hai que rodear os vellos estaleiros para volver de novo á beira do mar ao pé da EDAR e seguir ata o porto de Brens, desde onde temos que dar outro rodeo polo perímetro da instalación industrial, cruzar o rego de Brens e un pouco máis adiante coller un camiño entre unhas casas que permite baixar á praia da frecha da desembocadura do rego de Brens e, se a marea está baixa, camiñar polas pedras da Ostreira. Logo hai que volver á estrada, xa que aínda que é posible seguir pola beira ata a praia das Leiriñas, a distancia é moita, o interese escaso, e o tempo e o esforzo de máis para o proveito, porque hai varios puntos nos que non se pode continuar pola beira e por enriba do cantil hai que camiñar por entre o toxo. Desde a estrada hai que coller logo o desvío que nos leva á praia das Leiriñas desde onde, se o mar está baixo, nos podemos mover a un lado e a outro e seguir pola beira ata o Canizo e a punta da Ameixenda, alí temos unha vista do castelo do Príncipe e podemos subir á estrada para baixar máis adiante á Camboa, outro seo cun coído desde o que é posible ir, cara atrás, ata a punta do Casteliño, desde onde temos outra vista do castelo, e, cara adiante, ata a punta do Cabezo. Se desde aquí podemos subir ao cantil e logo atopar o carreiro que por entre os toxos nos deixa pasar ao monte de Caneliñas, aforramos ter que volver atrás, subir á estrada e baixar a Caneliñas, porque o monte ao non ter bosque, aínda que non ten camiños marcados permite un percorrido polo seu perímetro. Pasada a enseada de Caneliñas podemos tentar o percorrido pola beira da costa ou subir ata o miradoiro da punta do Sicho e coller o carreiro polo que se baixa á praia de Gures onde rematamos o roteiro. Continuar ata o Ézaro, xa no concello de Dumbría, é imposible polo relevo e polos toxos.



Praia de Cee (A Xunqueira)



CEE. Praia, enseada e porto.



Praia a carón do porto




Vista desde o peirao da EDAR



Peirao da EDAR



Porto de Brens



Vista desde Cee a Brens.



Porto e Barra de Brens



Barra e rego de Brens



Rego de Brens



A Ostreira



A Furna



Punta Peón



Praia das Leiriñas





Coído na costa de Ameixenda



Rego da Fonte do Cal



19-Porto do Canizo. Punta da Ameixenda. Segundo a lenda de Santiago de Ameixenda aquí agocháronse os mouros que viñan de Fisterra fuxindo do apóstolo Santiago despois de deixar as súas barcas na ribeira próxima.



Praia do Illote



Castelo do Príncipe.



Castelo do Príncipe. Construído entre 1740 e 1755.
Catalogado como Ben de Interesse Cultural, actualmente de propriedade privada



Punta Casteliño



A Camboa



Punta do Cabezo




Vista desde Sagrelos ata a punta do Castelo do Príncipe



Sagrelos. Agullóns de Sagrelos.



Praia Areosa



Illa da Galera



Punta da Galera. Illa do Trigo.




Monte de Caneliñas e punta da Galera



Enseada e praia de Caneliñas



Enseada de Caneliñas. Encáixase entre os macizos graníticos das puntas Galera e Preguntoiro. Acolleu á última factoría baleeira de todo o Estado, activa ata 1985.



Punta de Gures. Illa Zapata.



O Preguntoiro



28-29-Praia de Gures e punta Finsín



O Cancelo. Furado do Corvo